



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 25 DE AGOSTO DO 2016.

ASISTENTES:

<p>Presidente:</p> <p>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten:</p> <p>D^a María Herminia Pouso Maneiro D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D^a María Esther Patiño Rey D. Víctor Reiriz Lampón D. Anxo Orellan Fernández</p>	<p>Interventor:</p> <p>D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11)</p> <p>Secretario xeral</p> <p>D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten:</p> <p>D^a Fabiola García Martínez</p>
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos do día vinte e cinco de agosto do dous mil dezaseis, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 24/08/2016, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:






Número de relación	2016 - 000028
Importe total	139.279,95 €
Número de facturas	45
1ª factura.	
Emisor (Cif)	14782354R
Importe	922,92 €
Última factura	
Emisor (Cif)	J15707326
Importe	32,67 €


B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	18/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 2 pancartas, 5.000 folletos e 500 camisetas técnicas, co motivo da organización da "XIX Carreira Popular Santa Uxía" o 08/10/2016		
Nº orzamentos aportados	4	Provedores	- DOSTEX, S.L. - NEOPRINT - SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C. - TRAZOS
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	DOSTEX, S.L.		
NIF/CIF:	B15944002		
Importe (IVE incluído):	1.261,07 €		
Observacións:			

Nº Proposta	2	Data	18/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 100 carteis, co motivo da organización da "XIX Carreira Popular Santa Uxía" o 08/10/2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA		
NIF/CIF:	52930719Z		
Importe (IVE incluído):	49,00 €		
Observacións:			





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego


Nº Proposta	3	Data	18/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Abono do canon federativo, licenzas, xuíces e dirección técnica, co motivo da organización da "XIX Carreira Popular Santa Uxía" o 08/10/2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	FEDERACIÓN GALLEGA DE ATLETISMO
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	FEDERACIÓN GALLEGA DE ATLETISMO		
NIF/CIF:	G15103500		
Importe (IVE incluído):	330,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	4	Data	18/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de dorsais, chips, publicidade e pasarela de pago, co motivo da organización da "XIX Carreira Popular Santa Uxía" o 08/10/2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	EZE MOSQUERA EVENTS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	EZE MOSQUERA EVENTS, S.L.		
NIF/CIF:	B70351341		
Importe (IVE incluído):	686,80 €		
Observacións:			

Nº Proposta	5	Data	18/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de bebidas para participantes, co motivo da organización da "XIX Carreira Popular Santa Uxía" o 08/10/2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	BODEGAS LA PARRA, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	BODEGAS LA PARRA, S.A.		
NIF/CIF:	A15134489		
Importe (IVE incluído):	264,65 €		
Observacións:			

Nº Proposta	6	Data	18/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 200 Qg de froitas para participantes, co motivo da organización da "XIX Carreira Popular Santa Uxía" o 08/10/2016		
Nº orzamentos	1	Provedores	MERCA BARBANZA, S.L.





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego

aportados			
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	MERCA BARBANZA, S.L.		
NIF/CIF:	B15657935		
Importe (IVE incluído):	200,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	7	Data	18/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	3 horas de servizo de ambulancia para participantes, co motivo da organización da "XIX Carreira Popular Santa Uxía" o 08/10/2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	AMBULANCIAS DO NORDÉS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	AMBULANCIAS DO NORDÉS, S.L.		
NIF/CIF:	B15991417		
Importe (IVE incluído):	175,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	8	Data	18/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 12 empanadas para participantes, co motivo da organización da "XIX Carreira Popular Santa Uxía" o 08/10/2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MANUEL PENA SIEIRA
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	MANUEL PENA SIEIRA		
NIF/CIF:	76506676M		
Importe (IVE incluído):	215,78 €		
Observacións:			

Nº Proposta	9	Data	18/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de material deportivo para sortear entre participantes, co motivo da organización da "XIX Carreira Popular Santa Uxía" o 08/10/2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PÉREZ QUEIRUGA E HIJOS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PÉREZ QUEIRUGA E HIJOS, S.L.		
NIF/CIF:	B15084130		






CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


Importe (IVE incluído):	200,00 €
Observacións:	

Nº Proposta	10	Data	18/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 12 trofeos para entrega a gañadores, co motivo da organización da "XIX Carreira Popular Santa Uxía" o 08/10/2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DIANA MARÍA MUIÑOS PAZ
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	DIANA MARÍA MUIÑOS PAZ		
NIF/CIF:	52458917B		
Importe (IVE incluído):	220,20 €		
Observacións:			

Nº Proposta	11	Data	22/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Alcaldía Manuel Ruíz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO	Impresión e encuadernación de 400 catálogos "Nature Morte" con obras de Antonio Pérez, como agasallo institucional do Concello de Riveira		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- DOSTEX, S.L. - FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA - SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	DOSTEX, S.L.		
NIF/CIF:	B15944002		
Importe (IVE incluído):	1.867,84 €		
Observacións:			

Nº Proposta	12	Data	22/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Deseño, imprenta e serigrafía de materiais para a difusión da exposición "Nature Morte" con obras de Antonio Pérez, do 09/09/2016 ao 15/10/2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DOSTEX, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	DOSTEX, S.L.		
NIF/CIF:	B15944002		
Importe (IVE incluído):	327,79 €		
Observacións:			





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta	13	Data	23/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Axente de Desenvolvemento Local María Paz Vidal		
DESCRICIÓN DO GASTO	Impartición de curso de prevención de riscos (60 horas) ao alumnado/traballador do Obradoiro de Emprego Tahume III		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MUGATRA SOCIEDAD DE PREVENCIÓN, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	MUGATRA SOCIEDAD DE PREVENCIÓN, S.L.		
NIF/CIF:	B70055504		
Importe (IVE incluído):	999,46 €		
Observacións:			

Nº Proposta	14	Data	04/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José M. Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Traballos de mantemento do vehículo Citroen Jumpy 7115GNJ da brigada de obras		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ		
NIF/CIF:	52459904D		
Importe (IVE incluído):	546,31 €		
Observacións:			

Nº Proposta	15	Data	22/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Elaboración, colocación e retirada de publicidade da II Festa do Polbo de Palmeira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DOSTEX, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	DOSTEX, S.L.		
NIF/CIF:	B15944002		
Importe (IVE incluído):	1.201,53 €		
Observacións:			

Nº Proposta	16	Data	22/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Inserción de 2 ½ con publicidade da II Festa do Polbo de Palmeira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	LA VOZ DE GALICIA, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Denominación:	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	
NIF/CIF:	A15000649	
Importe (IVE incluído):	653,54 €	
Observacións:		

Nº Proposta	17	Data	24/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de monitorado para parque de inchables, co motivo da celebración da II Festa do Polbo de Palmeira		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L. - FERNANDA CORES CES
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.		
NIF/CIF:	B70072905		
Importe (IVE incluído):	217,60 €		
Observacións:			

Nº Proposta	18	Data	24/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Instalación de acometidas eléctricas monofásicas e trifásicas para infraestruturas, co motivo da celebración da II Festa do Polbo de Palmeira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	FERROVIAL SERVICIOS, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	FERROVIAL SERVICIOS, S.A.		
NIF/CIF:	A80241789		
Importe (IVE incluído):	1.089,00 €		
Observacións:			


APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS (XIX CARREIRA POPULAR SANTA UXÍA).


1.- Visto o informe/proposta de aprobación de prezo público do Concelleiro delegado de Deportes, Anxo Orellán Fernández, de data 18/08/2016, no que solicita a aprobación de prezos públicos para a realización da actividade XIX Carreira Popular Santa Uxía.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**

1.- A aprobación dos seguintes **prezos públicos**:

Participantes	Prezo Público
---------------	---------------





Participantes individuais na carreira absoluta	6,00 €
Participantes no circuíto Arousa Norte	5,00 €
Participantes nas categorías infantís	Inscripción gratuíta

2.- **Publicar un anuncio** que dea conta da aprobación deste prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias do servizo que organice a actividade. O anuncio deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

LIBERACIÓN DE GASTOS POR ACTIVIDADES PREVISTAS E APROBADAS QUE NON SE REALIZARON NO PROGRAMA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS “NADAL 2015-2016”

Visto o informe emitido polo Xerente de Actividades Deportivas, José Miguel Ruiz Rivas, de data 15/07/2016, no que solicita a liberación de varias cantidades, a efectos orzamentarios, derivadas das actividades previstas e aprobadas (X.G.L. 10/12/2015) do programa de actividades deportivas “Nadal 2015-2016” que non chegaron a celebrarse:

- Trofeo de Reis de Padel- Organización e Control (Eugenio M. Fernández Santamaría): 242,00 €
- Viaxe partido baloncesto Obradoiro/Andorra- Servizo autobús (A.Sarasquete e Hijos, S.L.): 264,00 €
- Viaxe partido baloncesto Obradoiro/Andorra- Servizo monitorado (Golfinho Xestión de Ocio, S.L.): 232,76 €
- Andaina do Nadal- Póliza de seguros (Artai Consultores de Seguros): 100,00 €


A Xunta de Goberno Local, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar que se proceda a liberar a efectos orzamentarios as cantidades sinaladas no citado informe do Xerente de Actividades Deportivas, dando traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.

III.- CONTRATACIÓN.

1.- Aprobación do expediente de contratación das obras de “PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS EN RÚA MIÑOTEIRO (PALMEIRA)”.

Visto o expediente que se tramita para a contratación das obras de **“Pavimentación e instalación de rede de pluviais en Rúa Miñoteiro (Palmeira)”**, segundo o proxecto redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data outubro/2015, cun orzamento de execución por contrata de 131.505,93 euros







(valor estimado do contrato: 108.682,59 euros; IVE 21%: 22.823,34 euros) e un prazo de execución de 4 meses.

O investimento foi incluído no “Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016”, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión ordinaria realizada na data 26/02/2016, segundo a Circular da data 08/03/2016 (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 14/03/2016, co número 2553).

Constan no expediente os seguintes documentos:

- Proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data outubro/2015.
- Informe de legalidade urbanística asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 10/12/2015, no que manifesta que as obras desenvolveranse en solos clasificados no PXOM como “solo urbano”, e que non precisa autorizacións, e conclúe manifestando que non existe inconveniente en relación á normativa urbanística.
- Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 16/12/2015, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 16/12/2015, no que manifesta que as actuacións proxectadas non precisan autorizacións nin informes doutros organismos da administración; que non é necesario realiza-la supervisión do proxecto, xa que o seu importe non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra; e que as obras proxectadas constitúen unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso público, sen prexuízo de posteriores melloras en proxectos independentes.
- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira e polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 16/12/2015, no que se informa que o proxecto mencionado contempla a execución das obras na Rúa Miñoteiro, de uso público e titularidade municipal; e que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento citado.
- Certificado do acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión celebrada na data 16/12/2015, polo que se resolveu participar no POS, aprobar os proxectos correspondentes, e demais pronunciamentos que no mesmo constan.
- Proposta de contratación asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira





Pereira na data 12/08/2016 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.

- Certificado de existencia de crédito condicionado á entrada en vigor da aprobación definitiva do orzamento xeral do Concello do ano 2016, emitido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 12/08/2016.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade, con multiplicidade de criterios de valoración. Por se tratar dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada na data 30/12/2015, que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 3, da data 07/01/2016.
- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle López na data 19/08/2016, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 19/08/2016, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 6 e 19 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

En razón da contía do orzamento (*valor estimado inferior a un millón de euros*), este contrato pode adxudicarse por procedemento negociado, de conformidade co disposto no artigo 171.d) do TRLCSP.


Ao non ser o valor estimado do contrato superior a 200.000,00 euros, non é preceptiva a publicación do anuncio de licitación previsto no artigo 142.1 do TRLCSP, de acordo co indicado no artigo 177.2 do citado TRLCSP.


De conformidade co establecido no artigo 178.1 do TRLCSP, para a adxudicación do contrato é necesario solicitar ofertas, ó menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible. Non obstante, segundo a normativa do Plan así como a cláusula 10 do Prego-tipo, esta posibilidade de consulta só se poderá utilizar de forma excepcional e motivada por razóns debidamente xustificadas, debendo optar a administración por publicar a licitación cun anuncio na prensa, no Perfil do Contratante ou no Boletín Oficial da Provincia.

Vistos os artigos 110 e 115 do TRLCSP.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 15/06/2011 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3*





da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMERO.- Aprobar o expediente de contratación das obras de “Pavimentación e instalación de rede de pluviais en Rúa Miñoteiro (Palmeira)”, segundo o proxecto redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data outubro/2015, cun orzamento de execución por contrata de 131.505,93 euros (valor estimado do contrato: 108.682,59 euros; IVE 21%: 22.823,34 euros) e un prazo de execución de 4 meses.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade, con multiplicidade de criterios de valoración.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61900.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, con multiplicidade de criterios de valoración e con tramitación ordinaria.


QUINTO.- Conforme establece a cláusula 10 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a licitación anunciarase no Perfil de Contratante do Concello de Riveira.

SEXTO.- A adxudicación e posterior formalización do contrato realizarase unha vez estea publicada a aprobación definitiva do Orzamento Municipal do actual exercicio económico 2016, que foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 14/07/2006 e sometido a información pública segundo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincial da Coruña número 137, da data 20/07/2016.

2.- Aprobación do expediente de contratación das obras de “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN DEÁN GRANDE (RIVEIRA)”.

Visto o expediente que se tramita para a contratación das obras de “Pavimentación de camiños en Deán Grande (Riveira)”, segundo o proxecto redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data outubro/2015, cun orzamento de execución por contrata de 71.059,60 euros (valor estimado do contrato: 58.726,94 euros; IVE 21%: 12.332,66 euros) e un prazo de execución de 2 meses.

O investimento foi incluído no “Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016”, aprobado polo Pleno da Excm^a Deputación Provincial da Coruña en sesión ordinaria realizada na data 26/02/2016, segundo a Circular da data 08/03/2016 (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste







Concello na data 14/03/2016, co número 2553).

Constan no expediente os seguintes documentos:

- Proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data outubro/2015.
- Informe de legalidade urbanística asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 10/12/2015, no que manifesta que as obras desenvolveranse en solos clasificados no PXOM como “solo urbano” e “solo de núcleo rural”, e que non precisa autorizacións, e conclúe manifestando que non existe inconveniente en relación á normativa urbanística.
- Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 16/12/2015, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 16/12/2015, no que manifesta que as actuacións proxectadas non precisan autorizacións nin informes doutros organismos da administración; que non é necesario realiza-la supervisión do proxecto, xa que o seu importe non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra; e que as obras proxectadas constitúen unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso público, sen prexuízo de posteriores melloras en proxectos independentes.
- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira e polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 16/12/2015, no que se informa que o proxecto mencionado contempla a pavimentación de diversos camiños no lugar de Deán Grande, todos eles de uso público e titularidade municipal; e que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento citado.
- Certificado do acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión celebrada na data 16/12/2015, polo que se resolveu participar no POS, aprobar os proxectos correspondentes, e demais pronunciamentos que no mesmo constan.
- Proposta de contratación asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 12/08/2016 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- Certificado de existencia de crédito condicionado á entrada en vigor da aprobación definitiva do orzamento xeral do Concello do ano 2016, emitido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 12/08/2016.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

obras por procedemento negociado sen publicidade, con multiplicidade de criterios de valoración. Por se tratar dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada na data 30/12/2015, que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 3, da data 07/01/2016.

- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle López na data 19/08/2016, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 19/08/2016, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 6 e 19 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

En razón da contía do orzamento (*valor estimado inferior a un millón de euros*), este contrato pode adxudicarse por procedemento negociado, de conformidade co disposto no artigo 171.d) do TRLCSP.

Ao non ser o valor estimado do contrato superior a 200.000,00 euros, non é preceptiva a publicación do anuncio de licitación previsto no artigo 142.1 do TRLCSP, de acordo co indicado no artigo 177.2 do citado TRLCSP.


De conformidade co establecido no artigo 178.1 do TRLCSP, para a adxudicación do contrato é necesario solicitar ofertas, ó menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible. Non obstante, segundo a normativa do Plan así como a cláusula 10 do Prego-tipo, esta posibilidade de consulta só se poderá utilizar de forma excepcional e motivada por razóns debidamente xustificadas, debendo optar a administración por publicar a licitación cun anuncio na prensa, no Perfil do Contratante ou no Boletín Oficial da Provincia.

Vistos os artigos 110 e 115 do TRLCSP.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 15/06/2011 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE**

ACORDOS:





PRIMERO.- Aprobar o expediente de contratación das obras de “Pavimentación de camiños en Deán Grande (Riveira)”, segundo o proxecto redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data outubro/2015, cun orzamento de execución por contrata de 71.059,60 euros (valor estimado do contrato: 58.726,94 euros; IVE 21%: 12.332,66 euros) e un prazo de execución de 2 meses.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade, con multiplicidade de criterios de valoración.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria **453.61901**.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, con multiplicidade de criterios de valoración e con tramitación ordinaria.

QUINTO.- Conforme establece a cláusula 10 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a licitación anunciarase no Perfil de Contratante do Concello de Riveira.

SEXTO.- A adxudicación e posterior formalización do contrato realizarase unha vez estea publicada a aprobación definitiva do Orzamento Municipal do actual exercicio económico 2016, que foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 14/07/2006 e sometido a información pública segundo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincial da Coruña número 137, da data 20/07/2016.

3.- Aprobación do expediente de contratación das obras de “RENOVACIÓN DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN DA RÚA PINISQUEIRA (AGUIÑO)”.

Visto o expediente que se tramita para a contratación das obras de “Renovación de servizos e pavimentación da Rúa Pinisqueira (Aguíño)”, segundo o proxecto redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro/2015, cun orzamento de execución por contrata de 98.732,60 euros (valor estimado do contrato: 81.597,19 euros; IVE 21%: 17.135,41 euros) e un prazo de execución de 4 meses.

O investimento foi incluído no “Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016”, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión ordinaria realizada na data 26/02/2016, segundo a Circular da data 08/03/2016 (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 14/03/2016, co número 2553).

Constan no expediente os seguintes documentos:

• Proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro/2015.






CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- Informe de legalidade urbanística asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 10/12/2015, no que manifesta que as obras desenvolveranse en solos clasificados no PXOM como “solo urbano”, e conclúe manifestando que non existe inconveniente en relación á normativa urbanística e que non precisa autorización doutras administracións.
- Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 16/12/2015, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 16/12/2015, no que manifesta que as actuacións proxectadas non precisan autorizacións nin informes doutros organismos da administración; que non é necesario realiza-la supervisión do proxecto, xa que o seu importe non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra; e que as obras proxectadas constitúen unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso público, sen prexuízo de posteriores melloras en proxectos independentes.
- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira e polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 16/12/2015, no que se informa que o proxecto mencionado contempla a execución das obras na Rúa Pinisqueira, de uso público e titularidade municipal; e que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento citado.
- Certificado do acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión celebrada na data 16/12/2015, polo que se resolveu participar no POS, aprobar os proxectos correspondentes, e demais pronunciamentos que no mesmo constan.
- Proposta de contratación asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 12/08/2016 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- Certificado de existencia de crédito condicionado á entrada en vigor da aprobación definitiva do orzamento xeral do Concello do ano 2016, emitido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 12/08/2016.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade, con multiplicidade de criterios de valoración. Por se tratar dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada na data 30/12/2015, que foi





publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 3, da data 07/01/2016.

- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle López na data 19/08/2016, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 19/08/2016, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 6 e 19 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

En razón da contía do orzamento (*valor estimado inferior a un millón de euros*), este contrato pode adxudicarse por procedemento negociado, de conformidade co disposto no artigo 171.d) do TRLCSP.

Ao non ser o valor estimado do contrato superior a 200.000,00 euros, non é preceptiva a publicación do anuncio de licitación previsto no artigo 142.1 do TRLCSP, de acordo co indicado no artigo 177.2 do citado TRLCSP.


De conformidade co establecido no artigo 178.1 do TRLCSP, para a adxudicación do contrato é necesario solicitar ofertas, ó menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible. Non obstante, segundo a normativa do Plan así como a cláusula 10 do Prego-tipo, esta posibilidade de consulta só se poderá utilizar de forma excepcional e motivada por razóns debidamente xustificadas, debendo optar a administración por publicar a licitación cun anuncio na prensa, no Perfil do Contratante ou no Boletín Oficial da Provincia.

Vistos os artigos 110 e 115 do TRLCSP.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 15/06/2011 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOpte OS SEGUINTEs ACORDOS:**

PRIMERO.- Aprobar o expediente de contratación das obras de “Renovación de servizos e pavimentación da Rúa Pinisqueira (Aguiño)”, segundo o proxecto redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro/2015, cun orzamento de execución por contrata de 98.732,60 euros (valor estimado do contrato: 81.597,19 euros; IVE 21%: 17.135,41 euros) e un prazo de execución de 4



meses.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade, con multiplicidade de criterios de valoración.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61903.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, con multiplicidade de criterios de valoración e con tramitación ordinaria.

QUINTO.- Conforme establece a cláusula 10 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a licitación anunciarase no Perfil de Contratante do Concello de Riveira.

SEXTO.- A adxudicación e posterior formalización do contrato realizarase unha vez estea publicada a aprobación definitiva do Orzamento Municipal do actual exercicio económico 2016, que foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 14/07/2006 e sometido a información pública segundo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincial da Coruña número 137, da data 20/07/2016.


4.- Adxudicación do contrato para executa-las obras do proxecto denominado "MELLORA DO FIRME DO VIAL LIXÓ-OS MUÍÑOS (OLEIROS-RIVEIRA)".


Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto de "MELLORA DO FIRME DO VIAL LIXÓ-OS MUÍÑOS (OLEIROS-RIVEIRA)", cun orzamento total por contrata de : 65.336,83 euros (valor estimado do contrato: 53.997,38 euros; IVE 21%: 11.339,45 euros), e cun prazo de execución de 1,5 meses.

A actuación está subvencionada ao abeiro do Plan marco:mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020, segundo notificación da resolución do director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 25/05/2016, co número 6.184.

O proxecto, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira en febreiro de 2016, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 16/06/2016.

O expediente de contratación (por procedemento negociado sen publicidade con un único criterio de adxudicación -prezo máis baixo- e con tramitación ordinaria), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61909, foron aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa mesma sesión da data 16/06/2016.





Por tratarse dun contrato de obras cuxo valor estimado é inferior a 200.000,00 euros, non foi preceptiva a publicación do anuncio de licitación previsto no artigo 142.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo co indicado no artigo 177.2 do mencionado texto refundido.

De conformidade co establecido no artigo 178.1 do citado texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como na cláusula 10 do prego de cláusulas administrativas, solicitáronse ofertas ás seguintes empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato:

A) "Excavaciones Yoni Tuñas, S.L.".- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 20/06/2016, co número 3.314.

B) "Francisco Gómez y Cía, S.L.".- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 20/06/2016, co número 3.315.

C) "Canarga, S.L.".- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 20/06/2016, co número 3.316.

D) "Nemesio Ordóñez, S.A.".- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 20/06/2016, co número 3.317.

Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito á oficina de contratación, José Manuel Fernández Dios, na data 01/07/2016 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas as seguintes empresas:

1.- "Yoni Tuñas, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/06/2016, co número 8.322.

2.- "Nemesio Ordóñez, S.A." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/06/2016, co número 8.531.


3.- "Francisco Gómez y Cía, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/06/2016, co número 8.549.


4.- "Canarga, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 30/06/2016, co número 8.601, enviada a través da oficina de correos na data 29/06/2016.

A apertura dos sobres "A" (de documentación administrativa) das ofertas presentadas foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 01/07/2016, na que se acordou declarar admitidas a esta licitación ás catro empresas presentadas, por considerar que a documentación aportada por cada unha delas é correcta.

O acto de apertura dos sobres "B" de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, comprensivos das súas respectivas ofertas económicas, celebrouse pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 11/07/2016, co seguinte resultado:

Licitador	Oferta económica		
	Valor estimado	IVE 21%	Prezo total
Yoni Tuñas, S.L.	53.997,38 €	11.339,45 €	65.336,83 €





Nemesio Ordóñez, S.A.	50.838,53 €	10.676,09 €	61.514,62 €
F. Gómez y Cía, S.L.	37.194,00 €	7.810,74 €	45.004,74 €
Canarga, S.L.	38.878,12 €	8.164,41 €	47.042,53 €

Na súa mesma reunión da data 11/07/2016 a Mesa de Contratación acordou abrir a fase de negociación e invitar ós licitadores admitidos a presentar unha segunda oferta económica que mellore a primeira nun prazo de tres días hábiles desde a recepción da nova invitación.

Dentro do prazo concedido as empresas requiridas presentaron a súa segunda oferta económica, do xeito seguinte:

1.- "Excavaciones Yoni Tuñas, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 15/07/2016, co número 9.400.

2.- "Francisco Gómez y Cía, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/07/2016, co número 9.436.

3.- "Nemesio Ordóñez, S.A." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 18/07/2016, co número 9.479.

4.- "Canarga, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 19/07/2016, co número 9.539, enviada a través da oficina de correos na data 18/07/2016.

A apertura das segundas ofertas económicas (fase de negociación) presentadas por cada un dos licitadores admitidos realizouse pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 27/07/2016, dando o seguinte resultado:

Licitador	2ª oferta económica (fase de negociación)		
	Valor estimado	IVE 21%	Prezo total
Excavaciones Yoni Tuñas, S.L.	36.946,07 €	7.758,67 €	44.704,74 €
Nemesio Ordóñez, S.A.	32.355,23 €	6.794,60 €	39.149,83 €
F. Gómez y Cía, S.L.	35.994,00 €	7.558,74€	43.552,74 €
Canarga, S.L.	33.051,24 €	6.940,76 €	39.992,00 €


Visto o resultado anterior, e tendo en conta que, conforme establece a cláusula 15.2 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor desta licitación, para a adxudicación deste contrato teranse en conta, unicamente, as ofertas económicas realizadas polos licitadores presentados e admitidos. En consecuencia, a adxudicación realizarase a favor da empresa que presente a oferta máis vantaxosa economicamente, consistente no prezo máis baixo.

Vista a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste contrato, e de acordo cos antecedentes expostos.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa xa mencionada reunión da data 27/07/2016.

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada na data 04/08/2016, adoptou os seguintes acordos:





PRIMEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, CLASIFICAR, POR ORDE DECRECENTE DE VALORACIÓN, as proposicións admitidas á contratación das obras do proxecto denominado "MELLORA DO FIRME DO VIAL LIXÓ-OS MUÍÑOS (OLEIROS-RIVEIRA)", do seguinte xeito:

Orde	Licitador	Prezo total ofertado IVE. 21% incluído
1º	Nemesio Ordóñez, S.A.	39.149,83 €
2º	Canarga, S.L.	39.992,00 €
3º	F. Gómez y Cía, S.L.	43.552,74 €
4º	Excavaciones Yoni Tuñas, S.L.	44.704,74 €

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, REQUIRIR A "NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.", que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicita-la mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.


Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 60.2.d) e 61.2.e) do TRLCSP.


O citado acordo foi notificado á empresa requirida na data 09/08/2016.

Dentro do prazo concedido a empresa "Nemesio Ordóñez, S.A." presentou a documentación requirida (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 19/08/2016 co número 10.611), entre a que se inclúe, no que respecta á garantía definitiva, fotocopia da carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 19/08/2016 (nº operación: 2016 33005294), xustificativa de constitución de aval do Banco Pastor (R.E.A. nº 8190-774) como fianza do contrato por importe de 1.617,76 euros.

Vista a proposta de contratación formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 22/08/2016.

Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do





Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

SEGUNDO.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 04/08/2016, **adxudica-lo contrato para realiza-las obras do proxecto de "MELLORA DO FIRME DO VIAL LIXÓ-OS MUÍÑOS (OLEIROS-RIVEIRA)" á empresa "Nemesio Ordóñez, S.A." (NIF número A15146608), nas seguintes condicións contractuais:**


a) **Prezo total do contrato: 39.149,83 euros (Base: 32.355,23 euros; IVE 21%: 6.794,60 euros).**

b) **Prazo de execución: 1,5 meses, segundo o proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira con data febreiro de 2016.**

TERCEIRO.- De conformidade co establecido na cláusula 18 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formaliza-lo correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

CUARTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal **D^a. Uxía Landeira Pereira.**

QUINTO.- De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil de Contratante".





5.- Adjudicación do contrato para executa-las obras do proxecto denominado "PAVIMENTACIÓN DO VIAL DE GÁNDARA A CAMPO DE PATAS (Concellos de RIVEIRA e PORTO DO SON)".

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto de "PAVIMENTACIÓN DO VIAL DE GÁNDARA A CAMPO DE PATAS (RIVEIRA-PORTO DO SON)", cun orzamento total por contrata de 75.612,14 euros (valor estimado do contrato: 62.489,37 euros; IVE 21%: 13.122,77 euros), e cun prazo de execución de 2 meses.

A actuación conta co financiamento da Unión Europea (Fondos Feader), do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo notificación da resolución de concesión de subvención da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 04/05/2016, co número 5.200.

O proxecto, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira en xaneiro de 2016, foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na súa sesión da data 16/06/2016.

O expediente de contratación (por procedemento negociado sen publicidade con un único criterio de adjudicación -prezo máis baixo- e con tramitación ordinaria), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61908, foron aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa mesma sesión de data 16/06/2016.

Por tratarse dun contrato de obras cuxo valor estimado é inferior a 200.000,00 euros, non foi preceptiva a publicación do anuncio de licitación previsto no artigo 142.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo co indicado no artigo 177.2 do mencionado texto refundido.

De conformidade co establecido no artigo 178.1 do citado texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como na cláusula 10 do prego de cláusulas administrativas, solicitáronse ofertas ás seguintes empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato:

A) "Excavaciones Yoni Tuñas, S.L.".- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 20/06/2016, co número 3.318.


B) "Francisco Gómez y Cía, S.L.".- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 20/06/2016, co número 3.319.

C) "Canarga, S.L.".- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 20/06/2016, co número 3.320.

D) "Nemesio Ordóñez, S.A.".- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 20/06/2016, co número 3.321.

A vista do informe emitido polo administrativo adscrito á oficina de contratación, José Manuel Fernández Dios, na data 01/07/2016 e da documentación





existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas as seguintes empresas:

- 1.- "Yoni Tuñas, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/06/2016, co número 8.324.
- 2.- "Nemesio Ordóñez, S.A." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/06/2016, co número 8.532.
- 3.- "Francisco Gómez y Cía, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/06/2016, co número 8.557.
- 4.- "Canarga, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 30/06/2016, co número 8.602, enviada a través da oficina de correos na data 29/06/2016.

A apertura dos sobres "A" (de documentación administrativa) das ofertas presentadas foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 01/07/2016, na que se acordou declarar admitidas a esta licitación ás catro empresas presentadas, por considerar que a documentación aportada por cada unha delas é correcta.

O acto de apertura dos sobres "B" de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, comprensivos das súas respectivas ofertas económicas, celebrouse pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 11/07/2016, co seguinte resultado:


<i>Licitador</i>	<i>Oferta económica</i>		
	<i>Valor estimado</i>	<i>IVE 21%</i>	<i>Prezo total</i>
Yoni Tuñas, S.L.	62.489,37 €	13.122,77 €	75.612,14 €
Nemesio Ordóñez, S.A.	58.583,78 €	12.302,59 €	70.886,37 €
F. Gómez y Cía, S.L.	41.994,00 €	8.818,74 €	50.812,74 €
Canarga, S.L.	43.742,56 €	9.185,94 €	52.928,50 €


Na súa mesma reunión da data 11/07/2016 a Mesa de Contratación acordou abrir a fase de negociación e invitar ós licitadores admitidos a presentar unha segunda oferta económica que mellore a primeira nun prazo de tres días hábiles desde a recepción da nova invitación.

Dentro do prazo concedido as empresas requiridas presentaron a súa segunda oferta económica, do xeito seguinte:

- 1.- "Excavaciones Yoni Tuñas, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 15/07/2016, co número 9.401.
- 2.- "Francisco Gómez y Cía, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/07/2016, co número 9.435.
- 3.- "Nemesio Ordóñez, S.A." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 18/07/2016, co número 9.478.
- 4.- "Canarga, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 19/07/2016, co número 9.540, enviada a través da oficina de correos na data 18/07/2016.

A apertura das segundas ofertas económicas (fase de negociación)





presentadas por cada un dos licitadores admitidos realizouse pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 27/07/2016, dando o seguinte resultado:

Licitador	2ª oferta económica (fase de negociación)		
	Valor estimado	IVE 21%	Prezo total
Excavaciones Yoni Tuñas, S.L.	41.746,07 €	8.766,67 €	50.512,74 €
Nemesio Ordóñez, S.A.	37.174,90 €	7.806,73 €	44.981,63 €
F. Gómez y Cía, S.L.	40.794,00 €	8.566,74 €	49.360,74 €
Canarga, S.L.	36.956,20 €	7.760,80 €	44.717,00 €

Visto o resultado anterior, e tendo en conta que, conforme establece a cláusula 15.2 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor desta licitación, para a adxudicación deste contrato teranse en conta, unicamente, as ofertas económicas realizadas polos licitadores presentados e admitidos. En consecuencia, a adxudicación realizarase a favor da empresa que presente a oferta máis vantaxosa economicamente, consistente no prezo máis baixo.

Vista a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste contrato, e de acordo cos antecedentes expostos.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa xa mencionada reunión da data 27/07/2016.

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada na data 04/08/2016, adoptou os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, CLASIFICAR, POR ORDE DECRECENTE DE VALORACIÓN, as proposicións admitidas á contratación das obras do proxecto denominado "PAVIMENTACIÓN DO VIAL DE GÁNDARA A CAMPO DE PATAS (RIVEIRA-PORTO DO SON)", do seguinte xeito:

Orde	Licitador	Prezo total ofertado IVE. 21% incluído
1º	Canarga, S.L.	44.717,00 €
2º	Nemesio Ordóñez, S.A.	44.981,63 €
3º	F. Gómez y Cía, S.L.	49.360,74 €
4º	Excavaciones Yoni Tuñas, S.L.	50.512,74 €

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, REQUIRIR A "CANARGA, S.L.", que é o licitador que resulto clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicita-la mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 60.2.d) e 61.2.e) do TRLCSP.

O citado acordo foi notificado á empresa requirida na data 09/08/2016.

Dentro do prazo concedido a empresa "Canarga, S.L." presentou a documentación requirida (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 18/08/2016 co número 10.567), entre a que se inclúe, no que respecta á garantía definitiva, fotocopia da carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 18/08/2016 (nº operación: 2016 33005272), xustificativa de constitución de aval de AFIGAL (R.E.A. nº 48.102) como fianza do contrato por importe de 1.847,81 euros.

Vista a proposta de contratación formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 22/08/2016.


Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.


A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

SEGUNDO.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 04/08/2016, **adxudica-lo contrato para realiza-las obras do proxecto de "pavimentación do vial de Gándara a Campo de Patas (Riveira-Porto do Son)" á empresa "Canarga, S.L." (NIF número B-15360902), nas seguintes condicións contractuais:**

a) Prezo total do contrato: 44.717,00 euros (Base: 36.956,20 euros; IVE





21%: 7.760,80 euros).

b) **Prazo de execución:** 2 meses, segundo o proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira con data xaneiro de 2016.

TERCEIRO.- De conformidade co establecido na cláusula 18 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formaliza-lo correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

CUARTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal D^a. Uxía Landeira Pereira.

QUINTO.- De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil de Contratante".

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.


V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS


1.- SOLICITUDE DE ESPAZO NO VIVEIRO DE EMPRESAS: JAVIER FONTAÍÑA FALQUE - EMPRESA: CONOCE RIVEIRA - AUTÓNOMO (Empresa en funcionamento-01/10/2015).

Visto que **D. Javier Fontaiña Falque** realizou solicitude de espazo no Viveiro de Empresas na data 01/07/2016, núm. rexistro entrada 8.668.

Visto que a súa solicitude foi remitida á cámara de Comercio de Santiago para a súa posterior valoración e informe de viabilidade.

Visto o informe de valoración realizado pola Cámara de Comercio de Santiago conclúese que: "El proyecto se considera viable, aunque necesita un gran trabajo de campo en el plano comercial para ganar clientes, esto exige dedicación y tiempo, por lo que en una actividad de este tipo, que nace como empresa sin dedicación exclusiva por parte del emprendedor, se debe asumir el riesgo de falta de crecimiento por una limitación de los recursos humanos.





Los primeros años serán los más complicados, por lo que se deberán ajustar los gastos en función de los ingresos reales con el fin de minimizar las pérdidas, a partir del segundo ejercicio, si se continúan en esta senda de trabajo será cuando la empresa pueda ver sus primeros beneficios.

Que la empresa continúe con su crecimiento dependerá del trabajo estructurado y planificado del emprendedor, siempre atendiendo a un plan de negocio que será la guía de actividad de la empresa. Deberá tener en cuenta la estructura de ventas y en función de estas potenciar las líneas de negocio que proporcionen unos ingresos mayores.”

Visto que a empresa xa está en funcionamento dende o 01/03/2016.

Visto o punto 1 do artigo 11.- “Duración do contrato”, da Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresa de Riveira, no que se recolle que: “1. O prazo máximo do contrato será de dous anos (poderá prorrogarse en 1 ano máis no caso de que haxa vacantes), transcorridos os cales, a empresa deberá abandonar o espazo cedido deixándoo libre e expedito, sen necesidade de requirimento especial e sen dereito a indemnización ningunha ao seu favor. Caso de que non o fixer poderán levar a cabo cantas actuacións sexan necesarias para proceder ao desaloxo.”

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Técnico de Desenvolvemento Local, María Paz Vidal, de data 23/08/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- ceder un espazo no Viveiro de Empresas de Riveira á empresa “Conoce Riveira”, cuxo promotor é Javier Fontaiña Falque, no cal poderá levar a cabo a súa actividade durante un período de 2 anos dende a sinatura do contrato de cesión.

Segundo.- facerlle entrega, no momento de sinatura da cesión do espazo no Viveiro de Empresas do “Regulamento interno do Viveiro de Empresas de Riveira” e dos planos do Viveiro de empresas.

2.- SOLICITUDE DE ESPAZO NO VIVEIRO DE EMPRESAS: BEATRIZ GÓMEZ MONTEAGUDO - EMPRESA: AUTÓNOMA (Empresa en funcionamento-01/10/2015).

Visto que **D^a. Beatriz Gómez Monteagudo** realizou solicitude de espazo no Viveiro de Empresas na data 16/06/2016, núm. rexistro entrada 7.784.

Visto que a súa solicitude foi remitida á cámara de Comercio de Santiago para a súa posterior valoración e informe de viabilidade.

Visto o informe de valoración realizado pola Cámara de Comercio de Santiago conclúese que: “El proyecto se considera viable, sin embargo, la





empresadora deberá traballar en el plano comercial con el fin de ampliar mercado y darse a conocer en el entorno que le compete.

La empresadora deberá tener en consideración el plan de empresa elaborado con el fin de apoyarse en el mismo e ir modificándolo según las circunstancias, los niveles de facturación y gastos reais que se vayan realizando; debe tener en cuenta que el plan de empresa se desenvolverá tal y como parece reflejado en este documento sempre y cuando se materialicen los importes previstos, y se mantengan los gastos estruturales considerados.

La labor de comercialización de servicios, la captación de clientes y la ejecución de los traballos, será la parte condicionante del desenvolvemento e crecemento de la empresa, si fallan estos pilares básicos, el proxecto deberá ser reestruturado y adecuado a las circunstancias.”

Visto que a empresa xa está en funcionamento dende o 01/10/2015.

Visto o punto 1 do artigo 11.- “Duración do contrato”, da Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresa de Riveira, no que se recolle que: “1. O prazo máximo do contrato será de dous anos (poderá prorrogarse en 1 ano máis no caso de que haxa vacantes), transcorridos os cales, a empresa deberá abandonar o espazo cedido deixándoo libre e expedito, sen necesidade de requirimento especial e sen dereito a indemnización ningunha ao seu favor. Caso de que non o fixer poderán levar a cabo cantas actuacións sexan necesarias para proceder ao desaloxo.”

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido ao respecto pola Técnico de Desenvolvemento Local, María Paz Vidal, de data 23/08/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Primeiro.- ceder un espazo no Viveiro de Empresas de Riveira á Beatriz Gomez Monteagudo, no cal poderá levar a cabo a súa actividade durante un período de 2 anos dende a sinatura do contrato de cesión.

Segundo.- facerlle entrega, no momento de sinatura da cesión do espazo no Viveiro de Empresas do “Regulamento interno do Viveiro de Empresas de Riveira” e dos planos do Viveiro de empresas.

3.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á PRORROGA DA EMPRESA NORTICA NO VIVEIRO DE EMPRESAS

SOLICITANTE: SILVIA RODRIGUEZ BLANCO
DNI: 53936738M
EMPRESA: NORTICA

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Riveira de data do 28/04/2016 no que se acorda “autorizar a cesión dun espazo no Viveiro de Empresas de Riveira á empresadora Silvia Rodriguez Blanco”. Esta cesión está condicionada a que no período máximo de 3 meses este concello reciba informe favorable da





Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, previa presentación pola emprendedora da súa memoria de viabilidade empresarial mellorada”.

Visto o informe de valoración modificado do proxecto: “Nortica”, elaborado pola Cámara de Comercio no que conclúe: *“El proyecto se considera viable una vez que se ha trabajado en las líneas adecuadas al desarrollo económico y financiero del mismo. La empresa presenta una tendencia de crecimiento progresivo, lento pero continuo a lo largo de los tres primeros ejercicios analizados.*

La emprendedora deberá tener en consideración el plan de empresa elaborado con el fin de apoyarse en el mismo e ir modificándolo según las circunstancias, los niveles de facturación y gastos reales que se vayan realizando; debe tener en cuenta que el plan de empresa se desarrollará tal y como parece reflejado en este documento siempre y cuando se materialicen los importes previstos, y se mantengan los gastos estructurales considerados.

La labor de comercialización de servicios, la captación de clientes y la ejecución de los trabajos, será la parte condicionante del desarrollo y crecimiento de la empresa, si fallan estos pilares básicos, el proyecto deberá ser reestructurado y adecuado a las circunstancias.”


Visto o punto 1 do artigo 11.- “Duración do contrato”, da Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresa de Riveira, no que se recolle que: “1. O prazo máximo do contrato será de dous anos (poderá prorrogarse en 1 ano máis no caso de que haxa vacantes), transcorridos os cales, a empresa deberá abandonar o espazo cedido deixándoo libre e expedito, sen necesidade de requirimento especial e sen dereito a indemnización ningunha ao seu favor. Caso de que non o fixer poderán levar a cabo cantas actuacións sexan necesarias para proceder ao desaloxo.”

A **Xunta de Goberno Local**, Visto o informe con proposta de resolución emitido pola Técnico de Desenvolvemento Local, María Paz Vidal, de data 23/08/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- Prorrogar a cesión do espazo no Viveiro de Empresas de Riveira á empresa “Nórtica”, sendo a duración do contrato inicial máis a prórroga de 24 meses, é dicir, prorrogaríase a cesión por un prazo de 21 meses a contar dende o 1 de outubro de 2016, desta maneira estaría os dous anos que se establece no punto primeiro do artigo 11 da ordenanza reguladora do Viveiro de Empresas de Riveira.

Segundo.- que a solicitante poña en marcha o seu negocio antes do 30 de setembro e que presente no Concello de Riveira o inicio da actividade para facer posible esta prórroga de espazo no Viveiro de Empresas.

Terceiro.- que a emprendedora teña vixente a póliza de seguro sobre os bens e dereitos da súa titularidade que poidan encontrarse no despacho do seu uso no Viveiro, así como a responsabilidade civil locativa. O prazo de duración da póliza de seguro contratada, non poderá ser inferior á do contrato renovado. A emprendedora debe presentar no Concello de Riveira unha copia da póliza de





seguro subscrita ou da súa posible renovación, dentro do prazo dun mes desde a firma do contrato de cesión ou da prórroga no seu caso.

Cuarto.- facerlle entrega, no momento de sinatura da prórroga do espazo no Viveiro de Empresas, do "Regulamento interno do Viveiro de Empresas de Riveira".

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.


Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito remitido pola **Demarcación de Costas en Galicia**, de data 8 de agosto de 2016 (escrito con data de 11 de agosto de 2016, entrada núm. 10.326),





mediante o que solicitan a emisión do informe previsto no artigo 102 do *Regulamento Xeral de Costas*, aprobado polo *Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro*, ao respecto da reserva de dominio público marítimo-terrestre con destino á conservación e restauración dos sistemas naturais, así como á utilización das infraestruturas existentes na illa de Sálvora, deste termo municipal, promovida polo Organismo Autónomo Parques Nacionales (OAPN).

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** remitir o informe emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 25/08/2016, que a continuación se transcribe:

“INFORME DEL SERVICIO DE MEDIO AMBIENTE

ASUNTO: SOLICITUD DE INFORME SOBRE LA RESERVA DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE EN LA ISLA DE SÁLVORA, T.M. DE RIVEIRA (A CORUÑA) SOLICITADA POR EL ORGANISMO AUTÓNOMO PARQUES NACIONALES


1. ANTECEDENTES

Escrito remitido por la Demarcación de Costas en Galicia, de fecha 8 de agosto de 2016 (escrito con fecha de 11 de agosto de 2016, entrada núm. 10.326), mediante el que solicitan la emisión del informe previsto en el artículo 102 del *Reglamento General de Costas*, aprobado por el *Real Decreto 876/2014, de 10 de octubre*, al respecto de la reserva de dominio público marítimo-terrestre con destino a la conservación y restauración de los sistemas naturales, así como a la utilización de las infraestructuras existentes en la isla de Sálvora, de este término municipal, promovida por el Organismo Autónomo Parques Nacionales (OAPN).

2. INFORME

Junto con la solicitud de informe se adjunta copia de la solicitud de reserva de dominio público marítimo-terrestre del OAPN y el documento denominado “DEFINICIÓN DE USOS Y ACTIVIDADES A DESARROLLAR EN LA ISLA DE SÁLVORA, PARQUE NACIONAL DE LAS ISLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA”, de fecha junio de 2016, elaborado por el OAPN.

En el escrito de solicitud de reserva remitido por el OAPN a la Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, de fecha 11 de julio de 2016, se indica lo siguiente: “(...) *La declaración de reserva que se solicita asegura la integridad y adecuada conservación del demanio marítimo terrestre, regula la utilización racional del mismo con respecto al paisaje y al medio ambiente, garantiza el uso público del dominio público marítimo terrestre y no existen razones de interés público para impedir tal uso. / Su finalidad se encuadra dentro del ámbito de competencias del Estado en virtud de lo establecido en el artículo 16 de la Ley 30/2014, de 3 de diciembre, de Parques Nacionales. Conforme a la misma, y en relación con su disposición adicional quinta, el OAPN tiene la competencia para realizar el seguimiento y evaluación general de la Red de Parques Nacionales, en particular del cumplimiento y grado de alcance de sus objetivos, así como el diseño básico y la puesta en marcha de los programas extraordinarios y actuaciones singulares en los parques nacionales. Estas competencias concurren con la de la Consellería de Medio Ambiente y Ordenación del Territorio de la Xunta de Galicia, quien tiene competencia para la gestión ordinaria del parque nacional. Es por ello que, cuando se autorice la reserva solicitada, se procederá a la*





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

firma de un convenio de colaboración con la citada comunidad autónoma para la puesta en marcha y ejecución de las actuaciones necesarias para el ejercicio de los usos y actividades definidos, en virtud de la colaboración prevista en el artículo 29 de la citada Ley 30/2014, de Parques Nacionales. (...)"

El artículo 102.5 del *Reglamento General de Costas*, aprobado por el *Real Decreto 876/2014, de 10 de octubre*, establece que la solicitud de declaración de zona de reserva deberá ser sometida a informe de la comunidad autónoma y, conforme a lo establecido en los artículos 115.b) de la *Ley 22/1988, de 28 de julio*, y 225.b) del propio reglamento, de los Municipios afectados.

Revisada la documentación remitida, desde el punto de vista ambiental, considero adecuadas las medidas propuestas en el documento en materia de conservación, seguimiento y gestión adaptativa. Atendiendo a lo expuesto, informo favorablemente la reserva de dominio público marítimo-terrestre en favor del OAPN."

2.- Visto o escrito presentado por **Maximino Rodríguez Pillado**, de data 05/08/2016 (Rexistro de entrada nº 10.147), no que solicita a habilitación dunha reserva de praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na Rúa do Forno (Palmeira).


A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 20/08/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda:**


Autorizar a habilitación dunha reserva de praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na Rúa do Forno (Palmeira), á altura do nº 11, coa súa correspondente sinalización vertical e horizontal, según o sinalado no citado informe policial.

3.- Visto o escrito presentado por **Alberto Seco Paz**, de data 02/08/2016, no que solicita a habilitación dunha reserva de praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na Rúa Rosalía de Castro (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 15/08/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Autorizar a habilitación dunha reserva de praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na Rúa Rosalía de Castro (Riveira), inmediatamente antes do paso de peóns situado no cruce coa Rúa Luis Seoane, coa súa correspondente sinalización horizontal e vertical (de ser o caso), según o sinalado no citado informe policial.





SOLICITUDES DE SUBVENCIONS.

Vista a proposta presentada pola **Alcaldía**, de data 23/08/2016, en relación á Orde do 13 de xullo de 2016, da Consellería de Política Social, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora de infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 e dos puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais e se convocan para o ano 2016 (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020). (DOG nº 140, do 26 de xullo de 2016).

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- **Solicitar** a subvención correspondente e aceptar as condicións e requisitos establecidos Orde do 13 de xullo de 2016, da Consellería de Política Social, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora de infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 e dos puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais e se convocan para o ano 2016 (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020). (DOG nº 140, do 26 de xullo de 2016).


Conceptos subvencionables:

- Obras de adecuación e melloras: 18.233,88 €
- Equipamento e novas tecnoloxías na aula: 14.055,54 €

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde do Concello de Riveira, Manuel Ruiz Rivas, para facer a citada solicitude en nome do Concello de Riveira.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ao Pleno Municipal para o seu coñecemento e ratificación.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e dez minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.



Manuel Ruiz Rivas

Riveira, 25 de agosto de 2016
Dou fe, o secretario xeral



Juan Manuel Salguero del Valle

